

LEMBRANZA PARELLA AO RÍO

O meu nome completo é Manuel Valeriano Liñares Couto. Nacín nunha vila onde Galicia mira Portugal, río por medio. Os meus pais procedían de familias cos oficios máis comúns da bisbarra, a labranza e a emigración.

Moitas veces teño cavilado en que o normal da miña vida fora seguir un deses dous camiños: o que leva ao rego tras dos bois ou o que conduce ao porto e, desde alí, ás Américas. Pero a cada home chámalo Deus a existir nun momento, e nese momento aparecen circunstancias que, se cadra, o arredan do que semella un destino familiar.

Meu avó paterno, o señor Valeriano da Ponte Tea, foi sempre labrador, e ensinou nos saberes da boiería ao primoxénito, tamén Valeriano (e Valerio polo breve, como sempre se lle chamou). Este —meu pai— foi carreteiro de mozo, moi empeñado nas cousas do transporte, e curioso para a lectura e a escritura, que, como el dicía, “fan lucir as cabezas co brillo que teñan”. Tales intereses determinaron o seu cambio de oficio pois, coa chegada do ferrocarril aos nosos pagos, puido mostrar, pluma en man, o que sabía de letra e número.

O Valerio Liñares foi gardaagullas por exame, e casou coa Minia Couto, moza aseñoritada, de familia con moita veiga e cartos que viñan “de Buenos Aires”, como se dicía. Seu pai, Xoaquín da Capela, de alcume Notario, pasara vinte anos na cidade de La Plata; gardaba un papel a acreditalo de ter traballado nunha “escribanía” e era moi práctico para labrar documentos.

Coa primeira barba de rapaz, o Xoaquín embarcou para Buenos Aires. Xa home feito, volveu, casou na vila e retornou á Arxentina só, por dificultades do embarazo que veu axiña. E así pasaría ben anos, con intermitencias e moito cariño á case viúva, na que, visita tras visita, foi facendo sete fillos.

Cando a avoa Virtudes enfermou —seica dos ósos—, el decidiu ficar na nosa terra para sempre, a administrar as propiedades que fora adquirindo, e a exercer de taxador de gandos e escribán, con pericia e sona de xusto. Para lle miraren polos intereses adquiridos nas ribeiras do Prata, alá mandarían dous herdeiros varóns tan logo como idade e xuízo llelo permitiron.

Non coñecín a coitada desa avoa, e tardaría moito en atopar os tíos emigrados; pero, como se comprenderá polo relato, o avó foi para min personaxe providente, ao que desde pequeno acordo como home xentil, esvelto, cunha barbiña coidadísima en tempos de cara rapada e bigotes ao Kaiser.

Ao señor Xoaquín da Capela un ferroviario coma o Valerio da Ponte Tea talvez lle pintase pouco para a súa Minia; mais á Minucha ben lle debeu parecer o Valeriño, galán con trazas de guerreante, disposto a comer o mundo.

Ambos eran robustos, e coincidentes na ambición de progreso. Levados de robusta afección, casaron. Xa lles nacera eu e resultáballes pouco o que me podían ofrecer, cando a súa sorte mudou —Deus sempre polo medio— co extravío dun vulto no ferrocarril.

Era unha banastra de sardiñas, das que saían do porto de Vigo e se ían entregando aos consignatarios polas estacións do traxecto. Esa non chegou no tempo axustado e a administración do camiño de ferro viuse na obriga de compensar co valor da mercadoría. Tendo o peixe o feo costume de podrecer, axiña se publicaban edictos ofrecéndoo en subhasta. Papel e engrudo por toda a vila convocaron negociantes e curiosos no almacén da estación.

O Valerio atendeu á poxa coa gorra baixo o brazo e a convicción de que algo había de quitar nese negocio. As pescas da praza e os compañeiros do ferrocarril —se cadra pensando nunha sardiñada con moito viño— ían subindo a oferta e daquela meu pai, “por vergoña de estar metido e non conseguir”, berrou o que podía perdelo:

—¡Dez réas! —un máis do que gañaba no día.

Entregáronlle a banastra. Os compañeiros rían del:

—Ai, Valeriño, que a muller te bota da casa...

Para alá levou as sardiñas nun carro emprestado. Contou o caso á socia e ela tomou decisión:

—Hainas que afumar.

A banastra deu para “prato da casa” de fonda improvisada, cunha soa mesa, onde se xuntaban traballadores da estación e feirantes das aldeas. Sardiñas e tortilla ían no goberno da dona; o viño, polas artes de seu home. Seica acertaron nos prezos e correu fama de satisfacción.

Comecei eu a entender a vida nesa fonda primitiva, nun aberto cun resto de carballeira onde se acubillaban cabalgaduras, carros e bestas de tiro. Alí debín ser feliz. Nunca me faltou enredo con tanta xente e tantos animais e artefactos que circulaban cara ao feiral ou a estación, e de retorno. E gocei branduras de mulleres con moitos bicos.

Criábanme miña mai e unha moza, a Carmiña dos Cachenos, que facía de mandadeira, camareira e axudanta. Deixábanme andar cabo delas, pola cociña e a despensa. Levábanme ao regato de lavar, a carranchapernas na anca.

Todo se compuña ben na fonda. Aumentara o tamaño de potas e tixolas, e o número de manteis das mesas. Á Carme dos Cachenos xuntábanse outras mozas, aínda que o meu amor se conservaba para ela, con celos pois que a viña visitar un soldado dos que facían movementos vistosos na fortaleza que coroa a vila e mira altivamente terras de Portugal...

Ata que Deus quixo pór a primeira proba no meu camiño.

O caso foi que vin un ovo quebrado no galiñeiro e inmediatamente pensei no raposo, un larpeiro de focíño estreito e orellas grandes que andaba sempre polos contos da terra dos Cachenos (tamén chamados Ourensáns e Montañeses). Bulín a dar aviso á miña aia, preguntei por ela na cociña e dixéronme que saíra ao aberto. Entón disparei cara a alá... e vina arrimada a unha árbore, levantando a boca para aquel ladrón de soldado que se empeñaba en devorar cos ollos a mollicie cálida do peito que eu quería só para min.

A partir dese momento non sei o que aconteceu certamente. Só lembro un remuíño: gruñidos de can, ladros, poeira, as botas brutas do soldado, a súa voz poderosa, máis gruñidos, que se apagaban, unha dor quente e líquida polas miñas pernas e, finalmente, o cheiro a xabón dos seos da Cachena.

—¡Ai, meu meniño da alma, ai meu neno, ai meu corazón divino! —bicábame a Carmiña co mesmo arroubo con que eu a beixaba a ela.

Sentinme transportado no colo, e deitado en canto a miña mai daba ordes para que me lavasen “as feridas”.

Non tardaron en vir meu pai e don Abel o médico, coas súas barbas brancas e un toque de anís na lapela da chaqueta.

—Hidrofobia —xurdiu o dictame do facultativo.

—Condenado canciño... —rosmaba o Valerio da estación—. Xa andaba por aquí desde hai días. Léveme o demo por non o ter liquidado a tempo.

—Sorte que andase por aí o mozo da Cachena —seguiu don Abel—. Poida que o neno se nos salve: o cadelo era moi pequeno e non lle tocou na cara...

Vestidos con roupas de domingo, viaxamos meus pais e eu a Pontevedra, que era unha vila máis grande cá nosa, con barquiños veleiros e un río moi ancho que chamaban “ría”.

—Instituto Antirrábico Provincial —leu papá, e entramos.

Foi a primeira vez. Virían outras moitas, e a dieta. Sufrín privación de todas as larpeiradas que entretiñan a vida dos pequerrechos; fixen viaxes con moitos falares e observacións de paisaxes e cousas, e libriños ilustrados con que os maiores tentaban afastar da miña memoria o arrepío da xiringa de máis dunha cuarta, da agulla que me cravaban na barriga e me facía sentir o horror do estraño que lentamente entra no propio corpo.

Neses tempos miña mái ensinoume as oracións. Rezabamos o rosario nas viaxes. Creo que aprendín a falar castelán rezando, e conversando cos señores de bata branca do instituto.

Cousa a sinalar é que durante o meu tratamento antirrábico á señora Minia lle medrou unha barriga enorme. Estando eu aínda sometido a aquelas terroríficas inxeccións, veu ao mundo o meu irmán Alfredo; e sobre o seu pranto irritante oín que a Carmiña se ía “arrimar” ao seu pombo arrolador e uniformado. Seica rematado o servizo do mozo a El-Rei, pensaban emigrar a onde todo o mundo, a Buenos Aires, que debía ser vila grandísima.

Algo que tanta xente facía neste caso deu para moito comentario. Talvez daquela escoitei por primeira vez os termos “protestante” e “herexe”, referidos ao noivo da Cachena linda.

—Disque van casar en Buenos Aires —informou a Minia ao marido—. Pero aos ollos de Deus, dígoche eu que pouco lles vai valer ese matrimonio. Mira ti o que fai a miseria das familias, ¡deixar casar a Carmiña cun protestante!

—¿Qué miseria, muller? Algo fará o cariño —supuxo o Valerio—. Algo fará o se queren: nin a ela lle importa que el sexa herexe nin a el lle importaría que ela fose beata perdida.

O Alfrediño ocupou lugares reservados para min ata ese momento, como a talla ou a cesta na que ían ao lavadoiro os lenzos da fonda e as roupas da casa; e meu pai comezou a dar-me cadernos e lapis. Nesa altura repetíanse pola fonda palabras como “África”, “desastre”, “guerra”, “librar”, nomes de xenerais, que debían ser señores poderosísimos, e acontecementos en Madrid, que era a capital de España, sendo España o que non era Portugal, aquilo da outra banda. Eran conversas sombrías pero eu, libre xa da doenza e hábil para comer salgados e doces, andaba ledo coma un paxaro do monte, e vía ledicia nos ollos afanosos dos meus pais.

Entón foi cando comezaron a parolar de se empeñaren.

Un día, cando saíamos da visita á Ponte Tea, o avó Valeriano colleu o fillo polo brazo.

—Estamos de acordo. Faise a hipoteca —aseguroulle en voz alta, e meus pais puxéronse moi contentos; tanto que á noite lles escoitei eses sons raros, entre risos e laios, con que por veces mostraban relouco na alcoba, ben trancada a porta.

Pouco despois apareceu pola fonda o señor Xoaquín da Capela para tratar coa filla de “formar sociedade”, discutiú co matrimonio en bos termos e acabáronse de pór as bases para levantar unha hospedaxe xunto da estación do tren.

—A miña parte déixolla á Minia no testamento —concluía o Notario.

Pasaron meses de ilusións, de opinións e debuxos. Aínda me bate o corazón de gozo ao lembrar un cuarto aberto ao sol, todo branco, as táboas do piso manchadas de cal fresco, a fiestra sen vidros. Levoume a el o pai e dixo:

—Aí ides durmir ti e mais o teu irmanciño.

Bloques de granito e trabes de madeira deron forma á Casa Valeriano (segundo decidiron chamarlle os socios en xuntanza), para min tan sólida coma as fortalezas dun lado e outro do Miño; e tan encumiada coma elas. CASA VALERIANO. COMIDAS E ESTANCIAS xurdiu co seu aquel de centro do mundo, entre a estación, o cuartel da garda civil, o dos carabineiros e o casino; como punto de encontro entre gremios e clases, veciños da vila e forasteiros.

Arredor dos edificios da Compañía e dentro deles andaban os ferroviarios, tropa uniformada de azul. O ferrocarril era seu, e defendíanlo con celo (máximo o dos gardavías, que coñecían ao detalle raís, travesas e pedras do balastro). Daban exemplo aos fillos, que os habían seguir na tarefa;

e inducíanos a xogaren polas plataformas cos carretóns dos vultos, entre consigna e sala de espera. Facían tribo, pero vivían abertos aos demais.

Os gardas civís, non obstante, eran suxeitos distantes, illados coas familias no cuartel.

Meu pai actuaba de embaixador dos seus camaradas perante os membros da Benemérita, a quen tiña conquistados cunha arte na que se agachaban advertencia e desafío. Cando chegaba un garda novo ao destino, víñase presentar na fonda sabendo que era de convite. Os colegas xa lle contaran o portento e el, incrédulo por profesión, esperaba.

—A ver, Valeriano, imos para alá —pedían os veteranos—. Veña, que este di que é imposible.

Corría a voz e xuntábase xente á porta do cuartel. O Valerio preparábase retorcendo simetricamente as puntas do bigote negro e farto. Traíanlle dous fusís longuísimos, collíaos polo extremo do cano con cadansúa man e erguíaos ata os xuntar polas culatas sobre a cabeza. Os rapaces ollabamos con espanto. Aos fillos dos gardas non lles valía esgrimiren graduacións paternas diante de min: eu estaba protexido por un hércules...

Os carabineiros, de uniforme verde claro e gorra de prato, parecían andar de mellor xorne que os do tricornio acharolado; e sincerábanse en materia de política. Non era estraño escoitalos a contaren, entre risadas, anécdotas do seu continuo vixiar unha fronteira na que o contrabando era oficio e os contrabandistas, persoas venerables. Nin se coutaban na crítica a “caciques e xerarcas”, incluso a “don Alfonso e a súa camarilla da Corte”.

Completaban clase de asiduos á fonda os señoritos do casino, tantas veces de retirada ao trasnoite cando os obreiros saían co sol para o traballo. Os de sombreiro e bastón andaban con máis aire de fidalgos que diñeiro para cumpriren os seus compromisos. E a eles arrimábanse padres con sotana e botas, que abandonaban a besta á argola longas horas.

Na fonda corrían falas sobre tales relacións.

—Hoxe seica desplumaron o cura de Oleiros —sentíase dicir, por exemplo—. Deixáronlle levar o cabalo de favor, pero teno que entregar mañá.

Para os meus cavilares infantís, o xogo de naipes era coma un licor ruín que arrastraba os homes para facelos caer en miserias e pecados. Por iso, recibindo da señora Minia os ensinamentos morais que recibía, na miña mente non cabían cregos en timbas de cartas; como tampouco debían caber na dela pois a cara rubia acendíase ao escoitar noticia que comprometese os “sacerdotes”, a quen defendía atacando, cuspiendo acusacións de calumnia contra os informadores.

Pero o Valerio sostiña o oído polas mesas de café da casa.

—Cala, muller, que ti non andas de noite a facer gardas como os que levamos uniforme. Non fales —engadía—, que os cregos son moi pillos e nunca che han pasar pola fonda nin cando van ao casino nin cando volven del. Así non os ves ti nin os examinan os fregueses.

Naqueles anos 20, reinando Alfonso XIII, delgadiño e patisolto coma un monicreque, España estaba moi lonxe da “democracia” das tertulias dos ferroviarios. Tan lonxe como para que a maioría do público considerase delincuentes a cantos non comungaban coa política e a relixión das autoridades. Nas conversas de mostrador do noso negocio xurdían relatos que impresionaban o espírito dun neno:

—¿Sabedes que fixo o Rabioso? —tomaba fío un recén chegado mentres os outros calaban á espera da fazaña—: Pois púxolle as esposas ao Ubaldiño, o anarquista, e amarrouno ao rabo do cabalo e levouno así ata Tui.

Rolaban os comentarios, atropelábanse os comentadores e algún aínda podía engadir:

—Pois na quinta feira pasada botou do mercado aos empurróns un tolo deses que veñen de Vigo vender biblias de herexes. ¡Este Rabioso...!

O alcume (que me producía terror pola desgraza hidrofóbica sufrida) correspondía ao tenente da Garda Civil e pronunciábase con tons de admiración, se cadra ponderando que o abusón fixese

o mesmo cun foraxido que cun obreiro anarquista; cun blasfemo que cun predicador de boas maneiras.

Con todo, aínda se respectaban dereitos que habían desaparecer no abismo ao que paseniño nos precipitabamos.

Meu pai, propietario dun negocio, exercía ao tempo como delegado do sindicato dos ferroviarios; o que nunca ocultou, nin mesmo na época máis dura do “ditador” Primo de Rivera (un cabaleiro risoño, con bigote, algo calvo e barrigudo, que saudamos con bandeirolas cando pasou pola nosa estación no vagón de dignatarios da Compañía). O señor Valerio, con gorra de gardaagullas, mandaba tranquilamente o seu primoxénito a recadar a contribución dos compañeiros.

—Neno —díciame—, vai cobrar o do sindicato, e alá ía eu polas casas a que me desen cadanseu real, amais dalgunha lambetada que me proporcionaban as señoras.

Pero das casas dos obreiros podía ir axiña á de don Ramón Afonso, patrón ben recibido na nosa hospedaxe, onde, viño por medio, armaba tratos con moitas persoas. Aquel señor, alto e delgado, flexible coma un vimbio, vendo cobiza de libros nos meus ollares, ofreceume a súa biblioteca, *sancta sanctorum* con cheiro a verniz, papel e goma, onde as horas me pasaban nun suspiro.

Don Ramón exercía de cacique. Tal era a súa profesión. Fora secretario do concello e montara fronte ás plataformas da estación unha grande casa de ferraxes e apeiros. Era “moi de dereitas” aínda que non mostrase escrúpulo para tratar co Valerio Liñares, socialista (e o Liñares apenas mencionase en segredo a historia de certo anarquista “liquidado por orde superior” durante unhas eleccións).

O señor Afonso tiña vara alta na capital da provincia e cultura dabondo como para ler o Hamlet e, citando a Shakespeare, queixarse dos políticos porque “palabras sen pensamentos xamais han chegar ao ceo”. Relacións boas e mellor intelixencia déronlle poderes para mandar en vida e, como se verá, para que ninguén o molestase despois da morte...

Ben: dicían os vellos que nunca tanto carto correra en España como nesa ditadura.

Certamente, na Casa Valeriano saltaba prata sobre o mostrador. Era un establecemento de reclamo para quen se apease na estación. Ampliouse. O granito gris do edificio recibiu engádegas de tixolo, madeira e vidro. Con elas gañou salón de banquetes e cuartos de hóspedes. Quedaron para a familia dúas alcobas, a dos pais e mais a dos rapaces, que tiña algo de cuartel. Nela fómonos xuntando os cinco irmáns como Deus quixo que chegásemos a este val de bágoas: todos varóns, inclinados a disputarmos un xoguete ou a manteiga con azucre da merenda.

A casa-fonda tiña moita luz e a boa temperatura do lugar onde nunca faltaban xente nin lume na cociña. Todo era limpo, fose de tecido ou madeira, ou da louza dos aparellos hixiánicos. En horas decentes pairaba polo interior un medido barullo de conversas, no café e na sala de xantar, acompañadas polos ruídos da estación a marcaren o tempo badalada a badalada, asubío tras asubío.

Tenda e despensa concentraban cheiros, a legumes, azucre, mel, especias, xabón con nomes propios (Heno de Pravia, Chimbo, Lagarto, Sevillano...), pastillas ovais e cadradas, escuras e brancas, as máis pobres aínda tocadas de aroma. Recendía o pan, bolas que viñan en esteiróns a lombo de burra, ulían as follas de Noruega e Islandia compradas en El Rey del Bacalao de Vigo, que acabarían perdendo o sal enxeñosamente: lavadas nas canles que baixaban ao río, amarradas cunha piola a un pao que se espetaba no chan brando do herbal.

De cociña e forno xurdían os grandes olores dese bacallao cotián, e de empanadas, guiso de carne, sardiñas á prancha, sardiñas do fume; e das fabas, do caldo matricial, quentador das tripas, dos callos co seu comiño imprescindible.

Esas fragancias atraían a xente toda, como o mel chama polas abellas. Non había distingos de vilegos e aldeáns, españois ou portugueses, pobo ou señorío. Só variaban a frecuencia das visitas, os encargos e os montos a pagar.

Aos sons e cheiros da casa engadíanse as guisas, as falas, as curiosidades dos hóspedes de paso; e as dos fixos, entre os que debo sinalar dous, o padre Domingos e o capitán Marcelino. Ambos tomaron postura nas turbulencias do século e foron tratados con diversa fortuna polos cronistas. O crego apareceu na miña infancia linda. O carabineiro, nos prolegómenos da guerra que me fixo vello antes de tempo.

Don Domingos impresionaba pola súa elegancia. Perfumábao unha mestura de incenso, auga de colonia e tabaco. Os nenos porfiabamos para bicarlle a man, el agarimaba as nosas cabezas e dicía:

—Ó meninos, ó meninos, tenham paciência.

Era portugués, pero monárquico cando os portugueses eran republicanos, “como todos debiamos ser” segundo aviso de meu pai.

—É manuelista, un dos organizadores do golpe, moi significado —informou o Valerio a un tenente novo da Garda Civil—. Conseguiu manter a monarquía durante vinteoito días... Élle de moi boa familia, con grandes rendas. Nunca lle me faltou ao pago de nada.

O padre ocupaba un cuarto orientado á súa imposible terra amada. Por veces deixaba a porta aberta e os pequenos espiabámolo: sen sotana, de camisa branca e pantalón escuro, miraba as frondosidades do Miño, fumaba, escoitaba a música do seu gramófono con tortuosa buguina.

Ao padre gustáballe comer e beber do mellor. Mais, como en hora de rito, ás doce da noite remataba as libacións que non fosen de auga.

—Iso é para ter limpo o corpo para a misa da mañá —aseguraba o avó Xoaquín—, que a tal señor non lle cómpren máis traballos.

E así debía ser. Os outros curas andaban nun bulebole por mor de completaren a economía de décimos e oblatas, e metíanse coa orde do país, mentres o portugués apenas celebraba o rito matinal e vagamente comentaba dos “maus costumes do povo, as supersticións”, ou advertía contra “a ameaza do protestantismo” para el representada por certos “vendedores de biblias, uns luteranos pagos com ricas libras esterlinas que nos invadem com os poderes do Banco da Inglaterra”.

Dicía misa, paseaba, conversaba con veciños e visitantes, atacaba a un tal Lutero e loaba os reis “defensores da relixião”. Ata que, de súpeto, desapareceu. Sen levar pertenzas de vulto, para o noso abraio.

Axudando eu no servizo de mesas, escoitei que quizais andase xa polo Brasil. Lamenteino porque el ensinárame a axudar ao “santo sacrificio”, puxérame no significado das frases latinas. Ficáballe agradecido e non sabía a onde escribirlle.

Durante algún tempo mantívose o cuarto tal o abandonara, como se fai cos dos mortos queridos. Despois, a señora Minia mandou ás criadas recolleren as cousas do padre para gardalas nun baúl do faiado e alá quedaron cos restos do seu rico perfume xunto do madureiro, todas menos o gramófono, que meu pai instalou na nosa sala de xantar privada.

Nel soaría moitas veces a voz de Fleta en memoria do ausente, seu admirador.

O Miño que tan intensamente ollaba o exiliado portugués foi auga dos nosos amores, e sempre espazo de observación.

Ao longo del competían convois, sobre camiños de ferro paralelos. Maquinistas portugueses e españois daban presión ás máquinas, abucinando sen parar, mirándose cara a cara, tentando identificar quen conducía o tren competidor, para despois procurar o encontro e a rolda de vasos ou “copos”, aquén ou alén da fronteira.

Río a través, nas augas comúns a dous pobos, pescábase o salmón con lancha e rede.

—¡Aperta! ¡Cede! ¡Recolle! ¡Solta! —ecoaban as ordes, e os pescadores suaban ata conseguiren que os peixes teimudos se fosen entregando.

—Van directos para as mesas dos magnates —proclamaba meu pai.

Apañados ao entardecer, partían presos a cadansúa táboa con patente do ferrocarril, viaxaban de noite e haberían chegar húmidos á propia cociña de El-Rei de España, e á do presidente portugués...

O escenario fluvial deu para moito espectáculo cotián, pacífico e rutineiro; e para algún espanto, como o dos incendios das “fábricas de madeira” na nosa beira que viñan apagar os bombeiros voluntarios de Portugal, arriscándose a vadear polas rañas cos seus aparellos de socorro. Pero o maior diversión dese tempo, que fixo paralizar as nosas vilas, foi a visita do hidropilano:

Estabamos na aula cando sentimos o bruar dos motores. Os rapaces máis próximos ás fiestras perderon a atención que cumpría darnos á temible aritmética dos quebrados. Don Paulino, o mestre, decatouse e esixiu atención. Levantou a vara. Mais ao pouco soaban as campás da capela de San Bieito, alá no alto, rodeada de oliveiras. Botábanas ao voo, como se viñese a fin do mundo. O mestre saíu á porta e os pequenos apelotonámonos contra a fiestra que deixaba ver o río.

Un aparello verde, con ás altas e baixas, xuntas cunha celosía de ferros e arames, precipitábase na auga e paraba nela sen afundir.

—¡Veña, nenos! Vinde, vinde —chamounos don Paulino. Formounos e marcou o paso lixeiro cara a un regato onde iamos apañar anguías no tempo delas.

As campás seguían a bater e xa soaban as da ribeira portuguesa. O pobo atropelábase cara aos prados das marxes. Un carniceiro corría con mandil e macheta na man, ensanguentado. Alancaban gardas civís e carabineiros.

Os nenos da escola non fomos os primeiros en chegar, pero soubemos avanzar entre os canavais ata a primeira liña e ficamos pampos: homes vestidos de coiro da cabeza aos pés ancoraban as barcas sobre as que medraba tamaña máquina voadora.

De ambas as orelas achegábanse lanchas e botes. Os que remaban neles berraban en castelán e portugués aos aviadores, que respondían nunha lingua rara provocando conxecturas entre os curiosos.

—Falan francés —dicían uns—. Alemán —dicían outros—. Inglés —afirmou o Ianqui, así chamado porque fora prisioneiro dos americanos na guerra de Cuba.

Cando a fame apertaba meu irmán Alfredo desertou, e eu seguino de mala gana para que a mai non me rifase por ter deixado o pequeno só.

Logo de xantarmos xa se completara a noticia na Casa Valeriano: o aeroplano ía de Inglaterra ao Brasil, o piloto detectara avaría e fora quen de pousarse diante de nós. Á mañá seguinte o mestre definiu o que viramos:

—Un hidropilano. Hidropilano, con hache —e escribiu a palabra no encerado.

Todos vivimos desexando que chegase a quinta feira para irmos ata a vila de enfronte, por onde se dicía que andaban os homes vestidos de coiro.

Chegou o día e foi fácil atopalos. Altos e louros, percorrían o feiral ás gargalladas, remexendo nas cousas dos postos, falando do xeito que só eles entendían. Foron mirar a vila. Seguímolos. Entraron nunha igrexa e ficaron a contemplala desde os últimos bancos. Os rapaces indicáronlles a pía de auga bendita; pero os estranxeiros non fixeron caso. Nin o sinal da cruz, como nós faciamos.

Toda a semana andou a vir xente de Vigo e Pontevedra con cámaras fotográficas. No seguinte luns fíxose imposible seguirmos as leccións de don Paulino porque os motores da máquina bradaban e ecoaban na bacía do río. Calaban e volvían bradar, distraendo coa intermitencia.

Ao amanecer do martes o estrondo faría a moitos precipitármonos para a ribeira aínda co sono pegado aos ollos. Eu cheguei a tempo. O hidropilano xirara, xa non miraba río arriba, como cando estivera ancorado, senón río abaixo. Dúas sogas, amarradas aos piares das súas barcas e a senllas árbores en cada marxe, aguantaban, tensas, a forza das hélices.

Á par, dous homes da tripulación soltaron as sogas, que se recolleron coma serpes feridas, e, con ruxido de dragón, a máquina alada ascendeu á procura do sol.

O campo desde o que vin aquel prodixio da aeronáutica pertencía á casa dos Liñares e recibía nome dun regato lindeiro, mais pasou a ser “o do hidroplano”, o de fantasearmos voos e acrobacias; o dun espectáculo apenas saboreado que había ter satisfacción plena —á fartura— na sinistra circunstancia bélica das nosas vidas.

Pero aquilo estaba lonxe, para os rapaces que seríamos soldados e para os maiores que habían chorar tanta morte provocada polas bombas e a as balas dos avións. Ninguén o imaxinaría. Aínda que de cando en vez chegasen noticias de guerra en África, a xente vivía distraída coas modas da Europa e dos Estados Unidos, cos “gustos refinados de París” e os avances da técnica.

Mandaban o cuplé e o tango. O gramófono que nos deixara en herdo o padre Domingos foi reproducindo as cancións de Buenos Aires, dos discos que enviaban desde alá os fillos da vila ao local da súa Sociedad de naturales da vila. Músicas sensuais, letras pillas, amenizaban bailes nos salóns do casino e na sala grande da nosa hospedaxe, ben iluminados.

Dicían na fonda que se creara unha empresa para fabricar máquinas de vapor potentísimas, discutíanse as posibilidades duns ferrocarrís tan limpos como permitía a tracción eléctrica, algo coma tranvías capaces de percorrer grandes distancias sen necesidade de carbón, auga e vapor. Os telegrafistas falaban dun telégrafo sen os fíos compañeiros dos carrís, o “radiotelégrafo” co que xa se comunicaban os barcos desde o alto mar e se enlazaban países moi distantes.

Pero unha cousa era ler os xornais e outra mirar arredor.

—No tempo dos dirixibles —dicía don Ramón Afonso— aínda nos espantamos dos automóviles. Á fin das contas, todo segue igual aquí.

—Principalmente na política —atrevíase meu pai a lanzar a pulla.

E algunhas cousas debían seguir como había séculos:

Contabamos os días da semana por feiras e na quinta baixaban as paisanas das aldeas con cestas cheas de produtos de horta e capoeira. Viñan homes co gando das casas. Armábanse postos de ferramentas, trebellos e necesidades domésticas. A xente andaba de feiral en feiral, cruzaba o río en barca, a comprar “frangos” alá ou polos aquí, como viñese o prezo.

Onde se xuntaba o pobo aparecían personaxes curiosos, cada un co seu empeño e a súa habilidade: xitanos con animais adestrados, cegos cantores co violín, gaiteiros... Unha das criaturas raras, mesmo estrafalarias, que xorden da miña lembranza é un home cun carteirón de libriños.

Acorporado, levaba barba pulcra e tiña no ollar algo que facía mirarlle a cara boa e grande, de pómulos altos e ollos claros, riscados. Camiñaba amodo e de cando en cando paraba, quitaba un libriño do peto da chaqueta e púñase a ler. Chamábanlle Severo.

O señor Severo recalaba ás veces na nosa fonda e pedía o guiso máis humilde. Eu, que andaba da tenda para a sala de xantar, observaba o seu comportamento e o dos meus pais a cerca del: estrañamente, a señora Minia, simpática para todos os que precisaban “matar a fame con vergoña”, que na cociña mandaba encherlles ben os pratos, non se esmeraba con aquel home bonacheirón. Non obstante, o señor Valerio non perdía oportunidade de se lle sentar na mesa, e de ter conversa con el. Miña vella era áspera cando falaba co marido a respecto do viaxante de libros. Estricaba coas mans o cabelo claro, recollido nun moño. Púñaas nas cadeiras. Acusaba:

—Será un bo home como dis, Valeriño, pero éche un herexe, e anda a espallar as herexías deles.

Quizais esa aspereza e a vontade de evitar discusións foron causa de que meu pai gardase o libro que lle comprou ao señor Severo un día de calor, en que se nos presentou xa na hora de levantar manteis, cando pola fonda só ficaba un ulido forte, reseso, do bacallao con garavanzos que se fora servindo a dez ducias de feirantes. Axudando eu as criadas a recoller os restos das mesas, escoitei como o vendedor dicía:

—Os Evanxeos a patacón; a Biblia, unha peseta.

—Déame o de a peseta —pediu o Valerio, e pensei que tanto dispendio habería ter unha causa maior.

Fixei a vista no libro que o viaxante estaba a sacar da carteira cunha man mentres co canto da outra limpaba a suor da fronte. O volume era grosso, azul escuro, con letras douradas. Meu pai gardouno nun peto da chaqueta, pendurada no respaldo da cadeira, e eu dei en matinar onde acabaría o obxecto da miña curiosidade, mentres tentaba ligar a escena cos “poderes do Banco da Inglaterra” que tanto preocuparan ao padre Domingos misteriosamente desaparecido.

Caetano tamén era portugués como don Domingos, pero connosco ficaría de por vida, cada día máis coñecido e popular. Era “alfaiate” no seu dicir, un tipo agradable, rubicundo, que evocaba unha mazá de pel brillante. Viñera para esta banda por causa de amores e acertara instalándose fronte á estación, ben á vista dela. Meu pai admirábo.

—Ao Caetano —dicía— venlle á cabeza o que lle esqueceu ao demo.

Certamente, o mestre da tesoiras e a agulla era divertido, enxeñoso. Sempre andaba a brincar, principalmente cos nenos.

Cerca da súa porta había unha fonte con dous canos, un que apuntaba para a figueira dunha casa veciña; outro, que o facía para a adega do Cosme, establecemento lóbrego, co chan de terra empapada en viño. Por teren os canos esas direccións, aseguraba o xastre, a auga de cada un tiña sabor propio; e advertía aos pequenos de non bebermos polo que miraba ao lugar do Cosme, porque embebedaba.

Valeriano e Caetano eran amigos de lei, que cruzaban brincas e parrafeadas desde un lado e outro das vías cando non se xuntaban na fonda a conversar, por veces mesmo seriamente. De tal modo foi como os escoitei falar dos “colportores”.

—Como o do carteirón, o Severo —explicaba meu pai—. Chámanlles colportores aos do seu gremio. Viven con moito sacrificio: seica lles dan unha chica por venda. E xa me dirás.

—¿E só vendem libros da sua religião?

—Soamente —asegurou, rotundo, o Valerio.

—Tomara eu ver os padres a vivirem nessa disciplina.

—Era boa, carallo...

—¿Colportores disseste? —o Caetano debeu ficar coa dúbida da denominación.

—Colportores, si...

Quedei co nome. Despois, na feira de Pontareas chegaría a ver homes da profesión do tal Severo con cadanseu carteirote de libros, que ofrecían en baixa voz. Tiñan vestir de pobres decentes e un xesto humilde na cara. Algún era dono de bicicleta, pero andaban mormente a pé. Parecían ser respectados polo xeral. Aínda que non todo o mundo os respectase.

Nunha ocasión, volvíamos da feira meu pai e eu no coche aberto, o vello a gobernar o cabalo con ollar ausente, cando me decatei de que uns mozos acantazaban un daqueles vendedores de “biblias prohibidas” con bicicleta.

—¡Fuxe, Satanás, fuxe! —berraban os rillotes, xa en anos de iren servir a El-Rei.

Chamei a atención do negociante ensimesmado, que tensou as rédeas e ameazou os rapaces coa Garda Civil. Eles retiráronse para o leiro de onde colleran as pedras e o colporteur aproveitou a tregua para montar na bici e perderse pola estrada a todo pedal.

Superado o episodio, preguntei ao pai a razón para o apedramento, que me deu co seu perfil agudo e firme contra o ventío da marcha.

—Vivímosche no país da intransixencia... Intransixencia —repetiu, talvez para que me ficase gravado o termo—. Ti ben viches as ruínas que hai indo cara á casa de teu avó Xoaquín. Pois aquilo éche da Inquisición, si señor... Cando mandaba a Inquisición, aos herexes queimábanos vivos. Aos xudeus botáronos de España, e tamén queimaban os que quedaron conversos pola sospeita de

disimularen a súa relixión verdadeira. Ti mira, e hoxe non lles chega con tirarlles pedras aos herexes, que aínda ás veces lles meten unhas malleiras terribles.

—Dígame unha cousa, papá —non puiden reter a pregunta—. ¿Pero por que son herexes?

—Iso... —o vello dubidou, pasou a man libre das rédeas polas cellas e o nariz. Tocou as puntas do bigote—. Iso éche algo moi complicado, rapaz. Eu diría que todos somos herexes: os protestantes sono para nós, e nós sómolo para eles.

Meu pai soubo sementar inquedanzas en todos os fillos, e darlles medios para levalas a fin con proveito.

—Ti dabas para negociante —diciame, atento ás miñas preguntas sobre as cousas de tenda e hospedaxe—. Habería que mirar se es capaz de venderes algo.

Tal andaría el a calibrar cando se soubo que o tenente da garda civil marchaba destinado para lonxe e se desfecía por cinco pesos dunha bicicleta nova, arrimada á parede do cuarteliño, exposta cos seus cromados, as rodas limpas e a pintura negra dos tubos a brillar. Pasando por xunto dela, a xente mirábaa e seguía, a calcular a fortuna que supuña aquel obxecto dos seus desexos.

Pero un día mudou de sitio. Á volta da escola, vímola na trastenda da Casa Valeriano. Entón meu irmán Alfredo segredou:

—É para nós, que mo dixó o Suso.

O noso compañeiro Suso era fillo dun garda civil e podía logo saber da adquisición con certeza. Pero eu non me atrevía a aceptar como propio algo tan soñado. Se cerraba os ollos, víame pedaleando na máquina espléndida, seguro do meu tamaño, de sobra para andar en bici de home, con barra. Mais non podía ser, e eu non iría preguntar polo destino daquel artefacto.

Así pasaron días, ata que o pai decidiu falar-me, nunha sobremesa de domingo, cando xa os pequenos se ían levantando.

—Espera aí, neno —sorbeu un grolo demorado de café, limpou os bigotes e preguntou—: ¿Qué tal andas en bicicleta?

—Ben —respondín vagamente.

—Daquela... —chiscou un ollo—. Daquela habíamos facer negocio. ¿Ti sabes como se distingue o pemento moído, o bo do malo? —neguei coa cabeza e proseguí:— Cóllese papel de estraza. Métese o pemento nel, apértase e, se non fica pegado, é do bo. Se fica é que ten aceite.

Esa conversa foi a orixe da miña iniciación ao comercio, mester proveitoso onde os haxa, ao que parecía eu destinado polo meu proxenitor. Papá entregoume a bici, a condición de traballar con ela; e de ir paseando os meus irmáns no portavultos e na barra, sempre con coidado máximo. Convertín-me pois en vendedor de pemento, casa por casa, tenda por tenda, aldea tras aldea. Con sol ou con chuvia, no tempo que a escola me deixaba libre, comín leguas cara ás alturas que permiten contemplar o Miño en toda a súa magnificencia, azul entre os verdes.

Era un prodixio ir con carga e volver con diñeiro; e coa consciencia tranquila de ter probado que canto se vendía, vermello, non se agarraba ao papel da proba. Volvía, tamén, satisfeito de ver lugares. Un deles, que moito me facía pensar, era aquel no que se erguían as ruínas do “palacio da Inquisición”, grande frontal de pedras douradas polos liques a facer pantalla contra o vento, ocos de portas e fiestras coroadas por relevos: unha intriga de chapeos, cordóns e borlas que descendían rodeando os marcos, pregoando pertenza a personaxes con sombreiro que eu supuña “os inquisidores”, dos que falaban meu pai e os seus compañeiros.

A bicicleta da puberdade, a dos calzóns curtos e os pelos sobre a pel marcada polos músculos das pernas, deume moitas ocasións de silencio, de preguntas alma adentro sen respostas en boca de ninguén. Da soidade dos camiños percorridos entre bosques e leiras veume a necesidade de crer en Algo Superior con independencia do imaxinado a forza de recitar o catecismo.

As vendas ambulantes marcaron na miña vidiña un treito de bonanza que acabou por culpa dun libro case esquecido nos recantos do maxín.

Calquera anoitecida funlle contar ao amigo xastre as aventuras do negocio e dei cos ollos nun volume de pastas escuras, azuis, con letras douradas, que me lembrou a don Severo o colportor. Estaba nun alzadeiro. Mireino ata que o Caetano se decatou da miña ollada.

—É uma Bíblia evangélica —explicou. E ofreceu—: Se o menino Manuel quiser pegar nela, pegue à vontade.

Collín o libro e deille as grazas.

—De nada, filho, que é de seu pai —respondeume, a vista no pano grosso que cortaba, e seguimos a falar, sen comentarios ao respecto. Eu pensei que o bo home esquecera a Biblia de meu pai, mais, segundo saía eu pola porta da alfaiatería, aínda me advertiu—: Ó Manuelinho, não diga à gente que anda a ler nisso, que lhe pode trazer muitas complicações .

Nese intre nin el nin eu daríamos imaxinado cantas. Nin a súa gravidade. Só Deus as coñecía.